

Servizo de Educación e Apoio Familiar

O *Servizo de Educación e Apoio Familiar*, de titularidade municipal perseguirá os seguintes **obxectivos**:

- a. Promover a **adquisición**, por parte das familias, **de competencias e habilidades** para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas, fomentando a educación en igualdade e a corresponsabilidade.
- b. **Pór a disposición das familias** participantes un **servizo de atención psicolóxica, e alternativas, recursos e itinerarios socioeducativos** en relación coas posibilidades do seu contorno.
- c. Favorecer a **integración, promoción e participación** das familias ou unidades de convivencia **en todos os ámbitos da vida comunitaria**.
- d. **Previr e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social** ás familias ou unidades de convivencia, ou a algún dos seus membros, con especial atención aos menores de idade.
- e. Realizar o **seguimento** e a intervención nas familias nas que se realice **derivación aos servizos sociais especializados de menores**, de cara á súa reintegración social e familiar.
- f. Promover **espazos de encontro de nais e pais** enfocados á formación compartida e mellora da educación familiar.

Os **beneficiarios** do servizo de educación e apoio familiar son:

1. As familias da comunidade de referencia dos servizos sociais comunitarios, con especial atención as **unidades de convivencia en situación de maior vulnerabilidade**, nas que existan menores en risco de desatención ou nas que se identifiquen outros factores que revelen unha posible situación de risco de exclusión social ou pobreza infantil.
2. Unidades de convivencia voluntaria con función análogas á familiar, sempre que favorezan a autonomía e a integración social das persoas que as constitúen.

A **participación** das unidades familiares neste servizo se producirá despois dunha valoración e a prescrición de alta no proxecto por parte do persoal técnico dos servizos comunitarios municipais. A valoración e a prescrición de alta figurarán no correspondente expediente social.

Co obxectivo de promover a integración social e a calidade da acción educativa das familias, o poderá incluír tamén actividades enfocadas a toda a comunidade ou a sectores profesionais ou corporativos vinculados –de forma directa e indirecta- coa mellora da calidade da actuación parental e a vida familiar

Forma de prestación do *Servizo de Educación e Apoio Familiar*:

A intervención profesional nas familias só poderá ser realizada por persoal técnico ao servizo da Administración pública local que pertenza ao equipo interdisciplinar dos



servizos sociais comunitarios.